



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A
FUNDACIÓN PROFESOR NOVOA SANTOS, PARA O FINANCIAMENTO DO
PROGRAMA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE LESIONADOS MEDULARES
RESIDENTES NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DURANTE O ANO 2019

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Fundación Profesor Novoa Santos o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2019. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase a Fundación profesor Novoa Santos dende o 1 de xaneiro de 2019 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

Que o instrumento convencional ten por obxecto contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia do programa que desenvolve a Fundación Profesor Novoa Santos, orientado a facilitar a integración social de pacientes con lesión medular residentes, mediante as seguintes actividades:

1. Mobilidade: A independencia na mobilidade é o primeiro paso para a integración da persoa discapacitada. As secuelas da lesión na medula espiñal fan moi difícil o uso dos transportes públicos, aínda que algúns/has pacientes poden conducir un coche adaptado. Para poder conducilo deberán obter o permiso de conducir especial para vehículo adaptado, ou no seu defecto validar o que xa tiñan antes da lesión, durante o seu ingreso na Unidade de Lesionados Medulares. Como na actualidade existen na nosa comunidade autónoma moi poucas autoescolas con vehículo adaptado para realizar as prácticas, os/as pacientes, mediante este programa, beneficiaríanse da obtención do permiso de conducir antes da súa alta hospitalaria.

Unicamente poderán obter o citado permiso de conducir os/as pacientes que reúnan unhas certas características de necesidade social, sendo seleccionados polo persoal da





Unidade de Lesionados Medulares.

Os recursos humanos e materiais necesarios serán os propios da autoescola e os da Unidade de Lesionados Medulares.

2. Actividades de ocio e deporte: Con estas actividades búscase que os/as pacientes superen de forma gradual o medo cando se procede a alta e teñen que regresar ao seu ámbito familiar e social. Mediante este programa contarán coa axuda prestada desde a Unidade de Lesionados Medulares xunto coa doutros/as compañeiros/as que saen na mesma situación. Preténdese estimular aos pacientes para que participen, potencien a súa socialización e adquiran coñecementos para a súa integración social.

Contarase cunha actividade extra-hospitalaria á semana, alternando actividades lúdicas e ocupacionais ou ben deportivas.

Estas actividades estarán orientadas polo/a traballador/a social co apoio do/a monitor/a de Educación Física da Unidade de Lesionados Medulares e dun/ha monitor/a de tempo libre.

3. Edición dun boletín de educación sociosanitaria: O obxectivo é editar un boletín de educación sociosanitaria específico para as persoas con lesión medular, que o recibirán no seu fogar co fin de axudalos/as na súa integración e mantelos/as informados/as tanto das actividades socioculturais como sobre información puntual de temas relacionados coas lesións medulares.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas a promover a inclusión social das persoas con discapacidade. Para elo a Fundación Profesor Novoa Santos executa un programa de integración social precoz dos pacientes ingresados na Unidade de Lesionados Medulares adscrita ao CHUAC, coa finalidade de acelerar e facilitar a súa reinserción sociolaboral.

Conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2. apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve a FUNDACIÓN debe ser considerada como unha entidade singular dentro





dos servizos especializados en materia de tutela a persoas con discapacidade intelectual da Comunidade Galega.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e no seu artigo 20, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alieo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

